

# BO NADAL?

**Xosé Manuel Carballo**

## Personaxes

Garda 1	María
Garda 2	Rubén
Xosé	Elena
María	Xoana
Pousadeiro	Ana
Maleteira	Coxo
Cliente 1	Cego
Cliente 2	Borracho
Parella	Romualdo
Tres pequenos	Isaías
Simón	

## PRIMEIRA PARTE

*Unha rúa pequena de calquera capital de provincia. A ser posible, con beirarrúa na que poidan sentarse Xosé a María. De non ser así, é preciso algún outro obxecto que sirva de asento. Nunha banda, porta practicable e sobre dela un letreiro : “Fonda, camas e comidas”. Ambiente de festas de Nadal nunha cidade. A vestimenta actual. María está embarazada de mentira para poder “desembarazarse” no momento preciso.*

### Escena primeira

*Ao comezo aparecen Xosé e María, andando amodiño. Xosé leva na man unha bolsa de plástico de medianas dimensións. Séntase semellando falar entre si en voz baixa. Pode escoitarse unha mestura de sons: buguinzos de automóbiles, asubíos de axentes de tráfico, panxoliñas, en off as voces de dous supostos gardas municipais.*

**GARDA 1.-** Fíxate naquela parella.

**GARDA 2.-** Ela semella estar embarazada.

**GARDA 1.-** Nesas condicións non se lles perdía nada fóra da casa.

**GARDA 2.-** Vai ti saber de qué calaña son. Vaia xeito de nai... Se cadra están arrimados.

**GARDA 1.-** A mocidade de agora! Non sei a onde vai parar.

**GARDA 2.-** Escorrámoslos de aí?

**GARDA 1.-** Déixaos. Non te complices a vida. Que máis ten!

**GARDA 2.-** A min rebéntanme as festas... Nadal, fin de ano, aninovo, reis... non hai máis ca forasteiros e xente de mal vivir.

**GARDA 1.-** Festas para os outros. Para nós servizo e traballo redobrado.

**GARDA 2.-** Algún poida que durma hoxe na cadea, dígocho eu... Unha muller a punto de dar a luz sentada na rúa!

**GARDA 1.-** Se estivesen na casa. Paletos!

*(Van baixando os ruídos ata desapareceren).*

**XOSÉ.-** Cántame a verdade, María, tes dores, non si?

**MARÍA.-** Pouquiños, pero non teñas medo, que Deus nunca abandona os que quere.

**XOSÉ.**- Falta fai, muller, falta fai. Iso pásachenos por sermos pobres, sabes?

**MARÍA.**- Quen sabe? Hainos máis pobres ca nós. Non podemos queixarnos.

**XOSÉ.**- Nós ben pouco temos, María.

**MARÍA.**- Temos, temos, Xosé. Eu téñote a ti, que máis quero?

**XOSÉ.**- E eu téñote a ti, María, e non te trocaría por nada do mundo.

**MARÍA.**- Si. Témonos un ao outro e imos ter...

**XOSÉ.**- Un neno.

**MARÍA.**- Tería graza que resultase unha nena.

**XOSÉ.**- Non, ha de ser neno; pero semellarase moito, moito a ti... Tamén se é para hoxe... Non me mintas, tes dores?

**MARÍA.**- Pouquiños. E estate tranquilo, que ben oíches os médicos do hospital que volvesemos mañá ás dez. Eles saben máis ca nós destas cousas. Como é a primeira vez...

**XOSÉ.**- Si, anque xa puideron internarte hoxe, que estas cousas tampouco che son exactas. Se non fosemos pola Beneficencia, seguro que te internaban hoxe. Se fosemos de pago, non te ían deixar fóra. Xogo o que teño.

**MARÍA.**- Pois non xogas moito. Que tes?

**XOSÉ.**- Sen ti, case nada, por iso teño tanto medo a perderte por non seres ben atendida... Se fosemos ricos...

**MARÍA.**- Se fosemos ricos, igual me internaban hoxe, si. E ocupaba unha cama, se cadra sen necesidade; e logo viña unha de urxencia e non tiñan onde metela.

**XOSÉ.**- Ben se nota que fuches máis á escola ca min. Grazas que es tan boa coma intelixente, que se non, quen te aturaría? Imos ter un neno máis listo!... Dóche?

**MARÍA.**- Pouquiño... O peor é que non haxa xa a estas horas coche de liña para irmos.

**XOSÉ.**- E anque o houbese, muller. Non pensarás que ía consentir que fixeses unha viaxe tan pesada nas condicións en estás para termos que volver mañá.

**MARÍA.**- Pois durmir nun banco do parque co frío que vai...

**XOSÉ.**- Nin pensalo! Hoxe imos a unha pensión, baratiña, pero polo menos ha ter lousado, portas e ventás.

**MARÍA.**- Ti ben falas, Xosé, pero os sentimentos núbranche a razón. Se gastamos dese xeito, nunca poderemos devolverlle a don Frutuoso os cartos que lle temos pedido, e esquécete da serra de disco, da cepilladora e de tantas cousas nas que temos soñado para poñer un talleriño como é debido.

**XOSÉ.**- Pois se non podemos devolverllos, que se quede coa garlopa, cos serróns, coas dúas machadas e, se quere, ata coa burra, pero fóra non quedas hoxe.

**MARÍA.**- Está ben. Como ti queiras, home. Por iso non te alporices. *(ollando para a "Fonda")* Preguntamos logo aí a ver se teñen sitio?

**XOSÉ.**- *(erguéndose e axudándolle a María)* Preguntamos. Agárrate ben a min, non sexa que esvares e vaías caer.

*(Agarrados un ao outro camiñan ata a "Fonda". Chaman. Sae o pousadeiro).*

## Escena segunda

**POUSADEIRO.**- Boa noite, que desexan?

**XOSÉ.**- Pois mire, nós viñemos ao hospital; porque a miña muller xa comezara a notar...

*(Chega un cliente ben traxeado, que entre na fonda case sen esperar resposta)*

**CLIENTE.**- Hai camas?

**POUSADEIRO.**- *(Compracente)*. Si, pase.

**XOSÉ.**- Comezara a notar...

**POUSADEIRO.**- Ao gran, queren cama e cea ou só cama?

**XOSÉ.**- Verá, nós primeiro tiñamos que saber en canto nos podía saír, porque somos xente humilde e...

*(Repítese o lance anterior cunha parella)*

**PARELLA.**- Hai camas?

**POUSADEIRO.**- Si, pasen.

**XOSÉ.**- Somos xente humilde e temos que facer moito pola vida. Nós non podemos pagar tanto coma outros que...

*(Chega unha maiteira acompañando a un cliente. Trae dúas maletas nun carretillo. A maiteira é unha muller xa entrada en anos, vestida sen gusto e desguedellada).*

**CLIENTE 2.**- Ten sitio?

**POUSADEIRO.**- Teño. Entre.

*(Colle as maletas o cliente. Dálle 5 euros á maiteira e entra. Esta queda ollando disimuladamente a María).*

**XOSÉ.**- Non podemos gastar tanto coma outros, pero somos honrados; e non é por chufar. Facíanos moita falta para hoxe casa cuberta.

**POUSADEIRO.**- Non te fíxaches nos que entraron? Ningún axustou o prezo. Van pagar ben.

**MAITEIRA.**- Pagarán o xusto, ou non hai unhas tarifas de prezos e uns libros de reclamacións?

**POUSADEIRO.**- Estamos en festas, e sobra xente que busca onde se deitar.

**MARÍA.**- Pero por iso non se poderá asoballar.

**POUSADEIRO.**- O negocio é o negocio, nena. Hai que limpar cando vai aire.

**MAITEIRA.**- *(Erguendo a voz)* Ti es un xudeu!

**POUSADEIRO.**- *(No mesmo ton)* Que saberás ti, maiteira esfarrapada, que nunca tiveches un peso de teu?

**MAITEIRA.**- Pois ti, cando esteas agonizante, aínda has querer beber as cinzas dos que mal gañaches!

**XOSÉ.**- Non hai por que latricar. Haberá un sitio para nós?

**MAITEIRA.**- E como non vai haber sitio para unha muller encinta?

**POUSADEIRO.**- *(Observando moito a Xosé)* Hoxe en día hai que fixarse moito en quen se mete na casa; e ti... ti non me tes boa pinta.

**MAITEIRA.**- Non che ten boa pinta e teñen os dous unha cara de santos que non se remexen!

**MARÍA.**- Non é tanto. Somos coma os máis.

**POUSADEIRO.**- Para min non sodes coma os máis, que xa me chegastes chorando, e nun día coma hoxe ninguén regatea. É Nadal. Estamos en festas.

**XOSÉ.**- É que nós non vimos á festa.

**MARÍA.**- *(Mostra moita doenza contida)* Ai!

**XOSÉ.**- Dóche moito, María?

**MARÍA.**- Moito non. Un pouquiño

**POUSADEIRO.**- Pero, é para tan axiña?

**XOSÉ.**- Quen sabe. Déixenos entrar, ande.

**MAITEIRA.**- Iso. Déixaos entrar, a que agardas?

**POUSADEIRO.**- Nesas condicións, imposible. A miña fonda nin é un hospicio nin unha casa berce. Non pode ser!

**XOSÉ.**- Ande, déanos casa cuberta para esta noite, que se non chegan os cartos que traemos, xa lle farei chegar os que falten. Por que habemos ter que buscar noutros sitios?

**POUSADEIRO.**- Para vosoutros non hai sitio. Non faltaría máis ca un parto esta noite. A metade dos clientes pedirían o libro de reclamacións. Ídevos canto antes. Non hai sitio.

**MAITEIRA.**- Non vos movades. Sentádevos na soleira da porta.

**POUSADEIRO.**- Mirade o que facedes, que mando chamar un municipal.

**XOSÉ.**- *(Implorante)* Por caridade.

**POUSADEIRO.**- *(Ceiba unha gargallada meténdose para dentro).* Por caridade! Por caridade! A caridade non casa co negocio, rapaz. Por caridade! A caridade xa non se leva. Pasou de moda.

**MAITEIRA.**- *(Berrando fronte á porta moi alporizada).* Non tés entrañas! Es un desalmado! Agora entendo por que Deus non che deu un fillo, non valías para pai!

**POUSADEIRO.**- *(Dende dentro)* E a ti por que non cho deu? Porque nunca se sabería certo quen podía ser o pai? Lévaos ti para a túa casa, xa que tes tan boas entrañas.

**MALETEIRA.**- *(Dende dentro).* Xa o vou facer, sabes? Anque a miña non é unha casa. Soamente é un cortello. Un cortello, si!

*(Deixa de berrar e segue falando con Xosé e María en ton moderado).*

Si, é un cortello que quedou abandonado e expropiado polo ensanche da circunvalación, pero mentres non o desfán, a min vaime servindo. Despois xa Deus dirá.

*(Póñense a andar os tres).*

Alí polo menos teredes un teito, e non xeará por vós. É do outro lado da vía do tren. ninguén é rico alí. *(A María)* Se se che fai custoso andar, podo levarte no carretillo, e se non, que te leve o teu home, ou non estades casados? A min non me importa, eh.

**MARÍA.**- Si, casados estamos. E deixe, que ata agora aínda podo andar.

**XOSÉ.**- *(Axúdalle a María a sosterse e a camiñar)* Tes dores, María?

**MARÍA.**- Pouquiños.

**MALETEIRA.**- O meu cortello ata cheira mal, que teño unha cabra para o leite e un porquiño, que vou criando coas lavaduras que me dan e co que podo rastrexar aló onde descargan os camións da limpeza.

**XOSÉ.**- María, queres que volvamos ao hospital, por se un caso?

**MARÍA.**- Non deixa. Eles dixeron mañá, e non teño máis dores das que tiña.

**XOSÉ.**- Logo seguiremos con esta boa muller, anque lle imos causar moitos mareos.

**MALETEIRA.**- Mareos a min? Non, santiños, que quen está abondo mareada de carrexar petates de riba para baixo todo o día, non se marea máis nin menos por tan pouca cousa.

*(Apágase a luz amodiño. Poden volver a escoitarse os sons do comezo).*

## FIN DA PRIMEIRA PARTE

## SEGUNDA PARTE

### Escena Única

*(A chabola da maleteira. Toda a escena acontece no que puidera ser a cociña. Mobiliario elemental: unha mesa, algunha banquetta, algún caldeiro, un inferniño de gas, e nel unha pota ao lume con auga a quentar. Unhas cortinas, non precisamente de veludo, separan esta peza do que pode ser habitación na que se supón a cama)*

**XOSÉ.**- *(Non ten acougo. Fala só)* Canto mellor fose que arrincasemos para o hospital cando eu llo dicía, pero esta muller miña sempre ten tanto medo a facerse pesada...

*(Sae a maleteira cunha palangana na man. Vota nela auga quente e volve marchar para tras das cortinas. Media este diálogo).*

**XOSÉ.**- Xa?

**MALETEIRA.**- Logo, logo.

**XOSÉ.**- Todo vai ben?

**MALETEIRA.**- Todo vai ben.

**XOSÉ.**- *(Outra vez fala só).* Por que tiña que ir mal...? Eu tampouco nacín nunha clínica. Aínda hai moitos que non nacen nunha clínica. Algúns nacen polo camiño ou nun taxi... Deus che axude, María! Que muller máis sufrida! E dicía que lle doía pouquiño!

**MALETEIRA.**- *(Berra dende dentro)* Xosé, pampollonciño, vente que xa está lavadiño.

**XOSÉ.**- *(Brincando de ledor)* É neno! É neno!

*(Entra detrás das cortinas. Óense algúns bicos. Tamén poden escoitarse choros de crío gravados).*

O meu neno! O meu neniño!

**MARÍA.**- O noso neno! O noso neniño!

**XOSÉ.**- Xa cho dicía eu. María, ten a túa mesma cara.

**MARÍA.**- Ata agora seméllase a todos.

**MALETEIRA.**- *(Sae case tola de contenta e berra aos catro ventos)* Veciños, vinde todos á miña casa! Naceu aquí un neno! Vinde, veciños! Víndeo ver! Axudeille eu a nacer! Eu, a maleteira! Eu coas miñas mans! Na miña casa! Víndeo ver! Vinde todos os bos e xenerosos! Non hai outro neno coma el! Víndeo ver!

*(Todos os que vaian chegando entra á escena sen cumpridos. Os primeiros son dúas pequenas e un pequeno: Anxélica, Ánxeles e Rafael).*

**OS TRES PEQUENOS.**- Podemos ver o neno?

**MALETEIRA.**- Podedes, pero antes ti, Rafael, meu anxiño, que máis que correr voas, vai avisar polo barrio, que quero que o saiban todos. E dille que traian algunha cousiña. *(Marcha o pequeno, e a maleteira encamiña as pequenas para a habitación. Chega Simón. É un home vello).*

**SIMÓN.**- Que foi?

**MALETEIRA.**- Que tiven un neno.

**SIMÓN.**- Que tiveches un neno?... Que tiveches un neno ti?

**MALETEIRA.**- Si. Este neno tamén é meu. Naceu na miña casa. Fun eu a primeira que o tivo nas mans. Canto teño desexa un fillo! Este fillo tamén é meu!

**SIMÓN.**- Pero quen son os pais?

**MALETEIRA.**- A nai é María, o pai supoño que será Xosé, uns pobres coma nós. Están aí dentro, pode ir velos.

*(Entra Simón. Chegan Marta e Rubén. Este pode vestir unha funda).*

**MARTA.**- Como foi?

**MALETEIRA.**- Foi ben. Non había sitio na pousada.

**RUBÉN.**- En ningunha pousada?

**MALETEIRA.**- Para eles, seguro que en ningunha pousada.

**MARTA.**- Parece un milagre.

**MALETEIRA.**- É un milagre! Entrade a velo.

*(Entran, e sae Simón)*

**SIMÓN.**- Vou avisar que veñan os máis da casa e que lle traian algo a estes pobres. Agora eu xa morro en paz, porque puiden ver a quen me releve. A miña pel escurece e a súa reloce. Os meus ollos apáganse e os seus brillan coma luceiros. Naceu un home novo, pode morrer un home vello.

**MALETEIRA.**- Nada de cavilar en morrer! Quen pode matinar na morte diante da vida?

**SIMÓN.**- É unha débeda que todos temos que pagar, e a ninguén lla perdoan. Adeus, e en boa hora tamén a ti. *(Vaise).*

**MALETEIRA.**- Non deixe de volver máis tarde vostede tamén.

*(Chega Elena, cun envoltorio debaixo do mantelo).*

**ELENA.**- Volviches a beber outra vez, ou é certo que naceu aquí un neno?

**MALETEIRA.**- Volviches a beber? Volviches a beber? Pola túa mala lingua non pasan os anos! Que lles traes?

**ELENA.**- Media botella de "Sansón", que me sobrou de cando tiven a Uxío.

**MALETEIRA.**- Co agarrada que es, iso en ti é moito. Entra.

*(Entra Elena, e sae Marta)*

**MARTA.**- Se segue chegando xente, non se vai caber aí dentro.

**MALETEIRA.**- E que pode facerse?

**MARTA.**- Poderíamos sacar a María para aquí no mesmo xergón de palla en que está.

**MALETEIRA.**- Se cadra está máis a gusto nunha hamaca vella que teño. Non lle pasará mal?

**MARTA.**- Non creo. Están tan fresca coma se nada pasase, e iso que é primeiriza.

**MALETEIRA.**- Seguro que lle fixo ben andar.

**MARTA.**- Imos logo por ela, antes que chegue máis xente.

**MALETEIRA.**- Imos. Pequenas, víndevos para aquí e reparade que non se bufe esta pota que está ao lume!

*(Saen as dúas pequenas. Os grandes axudan a traer a María; mentres, falan as nenas entre elas. Xosé trae un nenito? Envolto en paxelos, que logo collerá María para o*

*regazo. É preferible que sexa un boneco, porque entre outras razóns, un neno verdadeiro podería romper a chorar en calquera momento).*

**ANXÉLICA.**- A min paréceme moi pequeniño.

**ÁNXELA.**- Cando nacemos, todos somos pequeniños.

**ANXÉLICA.**- Pesará dez quilos?

**ÁNXELA.**- Serás bruta! Miña irmá cando naceu pesaba tres e medio, e todos dicían que era moi grande.

**ANXÉLICA.**- Será cego?

**ÁNXELA.**- Por que ha ser cego?

**ANXÉLICA.**- Como aínda non abriu os ollos...

**ÁNXELA.**- Miña avoa di que seguen durmindo dez horas ou máis, e que nin ven nin oen ata pasados uns días.

*(As frases das nenas entremestúranse coas lóxicas de situar a María na escena.*

*Convén que quede sentada e co neno no colo. Xosé séntase ao seu lado. Os outros colócanse pola escena como mellor poidan).*

**XOSÉ.**- Estás a gusto, María? Non che faría mal moverte?

**MARÍA.**- Estou moi ben. Estou moi a gusto. Pouco importan as dores do parto comparadas coa ledicia de alumar para o mundo un home novo.

*(Chega Xoana. Trae unhas andadeiras).*

**XOANA.**- Xa viña chegando, e o vello Simón fíxome volver á casa por algunha cousiña para esta boa xente. E boa noite.

**MARÍA.**- Boa noite. Non deberían molestarse tanto por nós.

**XOANA.**- Non é molestia. Tráíolles estas andadeiras, que para os meus non creo que volvan facer falla.

**MALETEIRA.**- Muller, este é ben criado, pero de aquí a que comece a andar, aínda lle quedan catro bágoas que botar.

**XOSÉ.**- Deus o ampare e o críe para ben, que xa lle chegará o seu día.

*(Ana, que chega agora, é unha velliña moi entapullada nun manto negro).*

**ANA.**- E pódese?

*(A Maiteira sáelle ao encontro agarimosa para lle axudar a camiñar).*

**MALETEIRA.**- Entre, señora Ana. Como deu chegado aquí co reuma que ten?

**ANA.**- Por ver a un neno acabadiño de nacer andaría o que fose, e máis ben sabe Deus que me doen todos os ósios.

**MALETEIRA.**- Pois aquí os ten. Os pais chámanse Xosé e María.

**ANA.**- En boa hora filliños. Nada vos traio, pero aceptarédesme estes aforriños para lle mercar un biberón.

*(Recolle Xosé os cartos que Ana lle entrega).*

**MARÍA.**- Nós nunca poderemos pagar todo isto.

**RUBÉN.**- Quen falou aquí de pagar! Todo, pouco é.

**XOSÉ.**- Dá moito máis o que dá pouco do moito que lle fai falla ca o que dá moito do moito que lle sobra.

**MARÍA.**- Nin no mellor sanatorio do mundo podían ser máis agasallados pais e fillo.

**ANA.**- Deixádesme velo?

*(Ana pousa un bico na fronte do posible neno. Mentres, falan entre si e en ton baixo María e Xoana).*

**MALETEIRA.**- Marta e Xoana, non estabades a mal entre vós?

**XOANA.**- Estabamos desde hai dous anos. Por cousa de nada comezamos a torcernos a cara e negarnos o saúdo.

**MARTA.**- Foi este encontro a oportunidade para que nos atopasemos. Dalgún xeito este neno é o causante da nosa reconciliación.

*(Chega un coxo con muletas).*

**RUBÉN.**- Tamén vostede aquí nas súas muletas?

**COXO.**- Si, contaba con non volver a saír da casa ata que me levasedes para a furada, pero foi tal o rebumbio que se armou, que non sei como nin como non, boteime a andar

e cheguei. Puiden comprobar que aínda me quedan máis folgos dos que pensaba.

*(Mira ao neno)* Que guapiño é! Deus o bendiga.

*(Volve o pequeno Rafael. Trae collido da man a un cego. Antes de intervir na conversa, escoitan o que vai dicir Ana).*

**ANA.**- É un caraveliño, miña xoia. Se non fose polo medo a que esperte chorando, cubríao de bicos... O seu cabeliño roibo, a pel branquiña, e a boca semella unha cereixa madura.

**CEGO.**- Como ten os ollos?

*(Hai un silencio. Ninguén responde).*

Dicídeme, por caridade, como son os ollos.

**MARÍA.**- Son da cor do ceo.

**CEGO.**- *(Fala con lentitude)*. Os ollos da cor do ceo... Que fermosos deben ser os ollos da cor do ceo...! Que fermosos debe ser o ceo! ...Que belidos deben ser os ollos da cor do ceo!... A pel branquiña, o cabelo dourado. Xa está! ...E coma se eu mesmo o estivese vendo. En realidade estouno vendo... Cos vosos ollos. Cos ollos que vosoutros me prestades á falta dos meus. Moitas grazas! Deixádesme que o apalpe!

*(Rafael guíao ata cerca de María. Ela guíalle a man para tocar o neno)*

Vouvos dicir eu como é, se mo permitides.

*(Canta a seguinte panxoliña, da que é doado facerse coa música. Axudaría moito que puidese acompañarse con algún instrumento, preferentemente cun violín que traia consigo).*

Ten cara meigosa  
de neve e carmín.  
Ten beizos vermellos,  
cal rosa de abril.  
Mirada tan tenra,  
tan doce sorrir,  
que crava na alma  
crava sen ferir,  
crava sen ferir.

**TODOS.**- Moi ben!

**MARÍA.**- Que Deus lle conserve a Graza!

*(O borracho que vai entrar agora en escena ten que semellar un borracho "profesional". Polo menos, suorento, mal afeitado, descoidado en toda a súa pobre vestimenta. Leva unha gabardina vella, e dun dos petos asoma unha botella. Un borracho en escena sempre fai rir de entrada. Non importa, no seu momento conseguirá afogar esas risas).*

**BORRACHO.**- *(Despois de ollar a todos os que están en escena, diríxese a Xosé)*. Es ti o pai? *(Sen agardar resposta)* Va que ninguén che trouxo nada a ti. Nestes casos ninguén se lembra do pai, coma se o pai non tivese tamén que bregar para quitar adiante os fillos... De ti acordeime eu... toma, bota un trago, que boa falta che ha facer. *(Ofrécelle a botella. Xosé acepta un grolo. O borracho bebe tamén e limpa o bico)*... Eu tamén fun pai, sabes?... A xente rise... Á xente gústalle rir..., así non pensa. *(Ao público)* Ríanse! Ríanse! *(Baixa por entre a xente)*. Ríanse. Aproveiten a ocasión! Os borrachos somos para iso, para facer rir!... Tiven dous fillos... Morreron tísicos. Ninguén tivo a culpa... Ríanse!... A miña muller tamén morreu tuberculosa. Ninguén tivo a culpa... Non teño traballo, quen lle ha dar traballo a un borracho? É igual! Para quen hei traballar...! Á xente gústalle rirse. Non teño máis compañeira ca esta botella, e Deus ben sabe e non lle parece mal... Ou pareceralle mal?

*(Pregunta a tres ou catro espectadores)* Pareceralle mal?... Pareceralle mal?... Ninguén ten a culpa de nada. Ninguén ten a culpa de que a miña muller morrese tuberculosa. Ninguén ten a culpa de que morresen os meus fillos. Por que se rin?... *(Berra)* Ríanse!... Se este neno morrese esta noite, ninguén tiña a culpa... Ás veces a xente non se ri... Tería alguén a culpa, se morrese este neno? Terías ti a culpa? Teríamos nós a culpa? Teriades vós a culpa?... Seguro que a culpa é deles. A culpa sempre é dos outros.



*(Retorna ao escenario e observa o público). Agora a xente xa non se ri. Eu non tiven a culpa de que non se rían... A culpa foi do espírito... do espírito do viño.*

*(A maleteira lévao collido por un brazo para unha banda do escenario. Noutra banda está, desde hai un cacho, Romualdo. Entrou dun xeito misterioso. Caviloso, ensimesmado)*

**MALETEIRA.**- Cala, anda, cala.

**BORRACHO.**- Si... vou calar. Se cadra falando ofendín. Disimulen.

**RUBÉN.**- *(A quen teña ao seu lado)* Como viría Romualdo, se des que retornou de Alemaña anda tan tristeiro e ensumido en si, que mesmo semella que escapa da xente?

**MARTA.**- Romualdo, e ti aquí?

*(Comeza a rir amodiño. Vai subindo o ton ata rir a grandes gargalladas. O mesmo tempo dá palmadas rítmicas. Todos se contaxian, e palmean unha pandeirada. El baila só, ata que Rubén o agarra forte e para en seco).*

**RUBÉN.**- Puxécheste tolo?

**ROMUALDO.**- É doado. Saín da casa para tirarme ao tren cando pasase, pero ao pasar diante desta, sentín unha curiosidade irresistible, e entrei, e estou aquí, e estou vivo, e xa non quero morrer! *(Berrando como fóra de si)* Xa non quero morrer!!!

**ANA.**- Se non fose por este neno, ti non estarías aquí.

**ROMUALDO.**- *(Voltea sobre si mesmo por todo o escenario cos brazos moi erguidos, como se fose unha buxaina xigante a cámara lenta).* Non abofé! Xa no quero morrer!

**ANA.**- Salvouno este neno!

**ROMUALDO.**- Non quero morrer!

**ANA.**- Soamente Deus salva.

**ROMUALDO.**- Non quero morrer! Non quero morrer!

**ANA.**- *(Caendo de xeonllos diante do neno)* Este neno é Deus que volveu a nacer entre nós!

**ROMUALDO.**- Non quero morrer! Quero vivir! Quero cantar!

*(Romualdo neste derradeiro berro prolongado e na derradeira volta párase diante do personaxe que acaba de enttar. Este viste de hebreo cun pergameo na man. Nos ollos de todos está a mesma pregunta que fai en voz alta a Maleteira).*

**MALETEIRA.**- Quen é vostede? Nunca o vin por aquí. Vostede non é deste país. Quen é?

**ISAIAS.**- Eu son o vello Isaías... Hai moitos séculos que vos anunciei que isto había acontecer un día. Daquela díxenvos: *(Desenvolve o pergameo, e le)* “O Espírito do Señor está sobre min, pois el foi quen me unxiu para proclamar a Boa Nova aos pobres; envioume para lles anunciar a liberación aos cativos e a vista aos cegos; para lles dar liberdade aos asoballados, e proclamar o ano de gracia do Señor”. Hai máis de dous milleiros de anos que se cumpriu nunha cova de Belén. Volveu cumprirse hoxe nunha casoupa abandonada para que vós despechedes os vosos corazóns. De vós depende.

**FIN**